

Has de cantar

Fragmento (Cantares Gallegos)

IV

Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na veira do mare.

Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Mimosa, soave,
sentida, queixosa;
encanta si ríe,
conmove si chora.

Cal ela, ningunha
tan doce que cante
soidades amargas,
sospiros amantes,

misterios da tarde,
murmuxos da noite:
cantarte hei, Galicia,
na beira das fontes.

Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante



Letras Galegas 2013



Roberto Vidal Bolaño.

Santiago de Compostela (1950–2002)

Formou parte do "Grupo Abrente" que a partir da década dos 70, renovou e actualizou tanto a escrita como as representacións dramáticas galegas. Todas as súas actividades xiraron arredor do teatro.

Algunhas das súas obras son: A burla do galo, A ópera de a patacón, Agasallo de sombras, Animalións, As actas escuras, Doentes, Laudamuco, Señor de Ningures, Saxo tenor, Romance dos figos de ouro dirixida aos máis pequenos.

"É A ALMA DO TEATRO GALEGO, A LONGA SOMBRA DO SOMBREIRO"
(La Opinión, Coruña).

Letras Galegas



Equipo de Dinamización da Lingua Galega

CEIP Ponte dos Brozos—Arteixo

Maio 2013

150 Aniversario

Este ano celebramos o 150 Aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, que se considera a primeira grande obra da literatura galega moderna.



Coa publicación deste libro en 1963 inaugúrase o pleno *Rexurdimento* co cal se pon fin a varios séculos nos que practicamente non hai literatura en galego e que se coñecen como *Os Séculos Escuros*.

A poesía foi o xénero que protagonizou o Rexurdimento e os temas tratan sobre a realidade galega, ben en ton costumbrista ou con intencións de crítica e reivindicación social. Xunto con Rosalía destacan Eduardo Pondal e Curros Enríquez.

Cantares Gallegos

Importancia de *Cantares Gallegos*

A súa relevancia na literatura galega débese a varios motivos:

- É o primeiro libro impreso escrito integramente en galego.
- Supera en calidade e cantidade os intentos literarios dos Precursores.
- É unha das obras de maior calidade da literatura galega.
- Rosalía é a única escritora do século XIX
- Abandona a literatura romántica e crea unha obra realista.

Intencións da autora

“...facerlle máis palpable a España a injusticia que ela á súa vez conosco comete. Foi este o móvil principal que me impeliu a publicar este libro...”

No prólogo dinos que quere:

- Cantar as belezas da terra
- Dar a coñecer costumes e tradicións galegas.
- Acabar cos prexuízos que hai en España sobre Galicia.
- Dignificar o idioma e demostrar que o galego é unha lingua apta para a creación literaria.

Día das Letras Galegas

Historia

O 20 de marzo de 1963, tres membros da Real Academia Galega (Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez e Xesús Ferro Couso) presentan ao presidente da institución unha proposta: Declarar o 17 de maio de cada ano *Día das Letras Galegas* como data para “recolle-lo latexo material da actividade intelectual galega”

Esta proposta coincide co centenario da publicación de *Cantares Gallegos* e consideran que a Academia debería consagrar, con carácter de perdurabilidade, o simbolismo da data nunha celebración anual posto que a o libro “foi a primeira obra maestra da literatura galega contemporánea.”

Como non se sabe a data de publicación do obra, propónse o 17 de maio por ser nese día cando Rosalía lle adicou o seu libro á poeta Fernán Caballero.

O 28 de abril de 1963 nunha xunta ordinaria da Real Academia Galega, acórdase declarar o **17 de maio**, de cada ano, **Día das Letras Galegas** a partir dese mesmo ano que se lle adica o día a Rosalía de Castro.